

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN
VALORACIÓN, XESTIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL
SESIÓN ORDINARIA DO 13 DE XUÑO DE 2017**

A C T A

Ás 18:00 horas do día indicado, reúnen-se na sala común de e-meeting do mestrado os membros reseñados a continuación:

Asistentes (5):

Natalia Caparrini Marín, Belén Riveiro Rodríguez, Mercedes Solla Carracelas, Fermín Pérez Losada e Adolfo Fernández Fernández.

Ausentes (0):

ORDE DO DÍA:

1.- Aprobación, se procede, da acta da reunión da CAM do 29 de marzo de 2017

Apróbese por asentimento a acta ordinaria do 29/03/2017.



2.- Informe do coordinador

O coordinador informa que hoxe mesmo abriu o calendario de matrícula para a preinscripción e o calendario de matrícula definitivo. A nosa oferta é a mesma que a do ano pasado co cupo de 5 estudantes alleos ao espazo europeo.

Tamén informa que xa está aberto a actualización da guías docentes cun prazo duns 10 días para introducir modificacións.

Informa tamén sobre a actualización das contas de correo para os coordinadores das materias que serven para crear as sesións de e-meeting, especialmente aquelas que recaían en profesores que xa no participan no máster.

Por último, infórmase que na nova normativa de máster xa non se inclúe normas relativas á composición da CAM (cuestión que será tratada con detemento no punto 4).



3.- Aprobación, se procede, do protocolo e calendario de actuación, e asignación de tribunais, para a lectura e defensa de TFM's na convocatoria de xuño de 2017.

O coordinador informa do calendario e protocolo de actuación para a solicitude , deposito ...etc. do TFM, facendo fincapé nos pasos a seguir polo alumnado na secretaría virtual. Preséntanse os TFM que solicitaron a súa lectura para a convocatoria de xuño. Apróbanse os tribunais e os horarios para as defensas.

Infórmase que o alumno Diego Páramos Calo solicitou un cambio de título e contido do seu TFM. Unha vez presentado o anexo 1, aprobouse por asentimento a modificación proposta polo alumno.

4.- Alegacións da VOAP á modificación da memoria do título do Máster para o curso 18-19.



O coordinador presenta o documento enviado á VOAP coas modificacións solicitadas desde a mesma VOAP para que dito documento sexa finalmente aprobado. A CAM visualiza todo o documento deténdose nas partes máis salientables da modificación. O coordinador informa que unha das modificacións é aquela sobre a estrutura da CAM ao non recoller unha estrutura obrigatoria. Desde a coordinación propónse a inclusión dun novo membro da Fac. De Historia para que a CAM estea “equilibrada” entre o nº de membros de Vigo (Minas) e Ourense (Historia).

Tamén se analiza con detemento o apartado das competencias.

Por último, o coordinador informa que este documento ten que estar aprobado en xunta de Facultade antes do 30 de xuño polo que debe ser aprobado na CAM con anterioridade.

5.- Aprobación, se procede, da execución de gastos correspondentes ao 2º cuatrimestre do curso 16-17.

O coordinador informa do estado actual das contas do máster. Informa que existe unha cantidade de diñeiro que estaba destinada ao pago aos externos e que non foi consignada ao saír do máster os docentes da Escola de Pontevedra. Tamén existe unha dotación para becas de 1.600€ que debería haberse ofertado na convocatoria de becas do máster. Esta convocatoria finalizou e a partida do noso máster non foi incluída polo que esta contía está polo momento perdida. A solución para non perder este diñeiro sería que



quede para o vindeiro curso ou que se pase ese diñeiro a outra partida. O coordinador informa que se van a intentar estas dúas opcións.

No tocante á partida de externos, propónse unha aumento da contía por hora de clase ata os 100€. Vanse consignar os pagos aos externos coas contías estipuladas con ditos aumentos. No entanto, aínda resta unha importante cifra de diñeiro por gastar deixando polo momento no aire as solucións para non perder todo este remanente.

6.- Rogos e preguntas.

Simplemente se informa das próximas CAM que deben convocarse para aprobar aspectos de calendario de matrícula e TFMs da 2ª convocatoria.

Ourense, a 14 de xuño de 2017

O Coordinador

Asdo. Fermín Pérez Losada

O Secretario

Asdo. Adolfo Fernández Fernández

DILIXENCIA

Para facer constar que esta Acta foi lida e aprobada na Comisión Académica do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural do día 11/07/2017.

O Secretario,

Adolfo Fernández Fernández